



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento



V FORO DE CAPACITACIÓN SOBRE POBREZA, EXCLUSIÓN SOCIAL, TERCEIRO SECTOR E VOLUNTARIADO
Compromiso, Coordinación, Causas e Oportunidades para unha inclusión activa
#PobrezaGalicia

Facultade Filosofía USC
Santiago de Compostela, 24 de Novembro de 2015

O V Foro pretende continuar o traballo comezado nas anteriores edicións e contribuír á capacitación das persoas asistentes en aspectos relacionados coa inclusión activa e o acceso a recursos de calidade, ademais de visibilizar á realidade da desigualdade, a pobreza e a exclusión social en Galicia e a importancia que o Terceiro Sector e o voluntariado teñen na implantación de políticas de inclusión social activa.

Partindo das conclusións e demandas dos Encontros de Participación de persoas en risco de pobreza ou exclusión, este V Foro pretende profundar en cómo mellorar o compromiso social e político, a coordinación entre administracións e co terceiro sector e a inclusión activa loitando contra as causas da pobreza. Sempre favorecendo o debate en positivo de propostas que melloren a actuación en procesos de inclusión social e dar a coñecer experiencias de éxito.

Cun enfoque práctico, o Foro non é un encontro pechado a EAPN España e a EAPN Galicia, senón que ten como principio básico o fomento do traballo en rede xunto ás federacións representativas do Terceiro Sector galego e a organizacións e institucións significativas. A organización coa Coordinadora Galega de ONGD ou o CERMI Galicia e a colaboración co Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC así o demostra.

A asistencia de persoas voluntarias, moitas de elas en risco de pobreza e exclusión, favorece unha interlocución positiva con poñentes de organizacións sociais, colexios profesionais, universidade ou administracións públicas galegas especializadas na loita contra a pobreza ou na promoción dos servizos sociais e a inclusión activa, así como un mellor coñecemento e implicación do voluntariado nas causas que lles motivan.

Programa provisional

9.15 RECEPCION

9.45 INAUGURACION: **Compromiso, coordinación e causas**

- EAPN Galicia, CERMI Galicia, Coordinadora ONGD.
- Xunta de Galicia. Consellería Política Social
- Decano Facultade Filosofía

10.15 DIALOGO. **Persoas que participan. Esiximos compromisos e feitos, non palabras.**

Yosehanna Ledesma e Javier Pérez García. Grupo de Participación EAPN Galicia.

11:00 CONFERENCIA: **Problemas e retos na loita contra a pobreza e a exclusión social en España**

Carlos Susías. Presidente EAPN España

12: Pausa

12.15 DIALOGO **Compromiso e coordinación na loita contra a pobreza?**

D.G Empleo e Inclusión Gobierno Euskadi
Xerencia Servizos Sociais. Junta Castilla y León

Consellería de Política Social. DX Inclusión

Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social - Galicia
Teléfono 881 957 284 • Rúa Basquiños, 33 1ºA • 15.704 • Santiago de Compostela

info@eapn-galicia.com • www.pobreza.gal • www.galiciasolidaria.org

Representantes concellos A Coruña, Vigo, Ourense e Murás (pendente confirmar)
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

13.30 **AGORA DO TERCEIRO SECTOR**

Propostas innovadoras de ONG ou organizacións da economía social, que poidan ser replicadas, significar unha mellora para outras entidades ou ampliar o traballo en rede. Ver programa.

15.00 Pausa comida

16:00 TALLERES SIMULTANEOS:

- **Retos para unha RISGA efectiva**
Grupo RISGA EAPN Galicia
DX Inclusión / Concellos
Colexio Traballo Social
- **Inclusión e emprego: Unha relación imposible?**
Xosé Alberte Cea (orientador laboral)
EAPN Galicia (Secretariado Xitano, Cogami)
Colexio Traballo Social
- **Máis soas que nunca?: Pobreza e exclusión en familias monomarentais:**
Violeta Assiego. Analista, investigadora y abogada
Estefanía Lema Moreira. Educadora Social e integrante de aBeira, Grupo de Intervención Socioeducativa con Familias

18:00 FIN XORNADA